

ELECCIÓN DE REPRESENTANTES DO PROFESORADO AO CONSELLO ESCOLAR:

CONVOCATORIA

De acordo coa Resolución do 10 de setembro de 2024, da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, pola que se establece o calendario para a realización de eleccións de membros dos consellos escolares de centros docentes sostidos con fondos públicos (DOG nº 180 do 18 de setembro de 2024), a Xunta Electoral deste centro, en virtude das atribucións que lle son concedidas pola lexislación vixente, dispón a convocatoria de eleccións ao Consello Escolar, SECTOR DE PROFESORADO, segundo as seguintes normas:

1.- Conforme o establecido no Decreto 324/1996, do 26 de xullo (DOG do 9 de agosto de 1996), corresponde elixir no presente proceso electoral por 4 anos a **catro representantes**, dun total de sete que pode ter o Consello Escolar. Os tres restantes continúan como consecuencia da súa elección anterior no ano 2022. Tres dos representantes saíran elixidos por unha duración de catro anos e a cuarta cubrirá unha vacante polo que a súa elección será só por dous anos.

2.- Son electores e elixibles os/as profesores/as en comisión de servizos no centro onde exerzan a súa función docente, o profesorado substituído se o seu permiso é inferior a seis eses, os/as liberados/as sindicais parciais ou totais. Son electores pero non elixibles os/as profesores/as substitutos. O censo correspondente está exposto no taboleiro de anuncios a partir do día e data da presente. As reclamacións ao referido censo realizaranse mediante escrito razoado dirixido á Xunta Electoral, ata ás **14:00 horas** do día **7 de novembro de 2024**.

3.- O profesorado que formule a súa candidatura terá que facelo empregando o modelo oficial que se facilitará na secretaría do centro. As candidaturas correspondentes poderanse presentar no rexistro da secretaría do centro a partir do día **26 de outubro de 2024** e ata as **14:00 horas** do día **05 de novembro de 2024**.

4.- Tal e como manda o artigo 35 do Decreto 92/1988, do 28 de abril, polo que se regulan os órganos do goberno dos centros públicos de ensino non universitario. (DOG, 29/04/88) convocarase o día **11 de novembro, ás 18:25 horas** un **claustro extraordinario** para dar lectura ás normas deste Regulamento no relativo ó procedemento de elección dos representantes dos profesores no Consello Escolar, así como á relación de candidatos proclamados como tales pola xunta electoral. .

5.- A mesa electoral será constituída o día **22 de novembro de 2024**, nun **claustro extraordinario**, ás **20:35 horas**. A partir da súa constitución realizarase a votación ata as **21:00 horas**. Tal e como recolle o artigo 36 do Decreto 92/1988, do 28 de abril, polo que se regulan os órganos do goberno dos centros públicos de ensino non universitario. (DOG, 29/04/88) a mesa electoral estará formada pola directora do centro, que actuará como presidente, os profesores de maior e menor idade, actuando este último de secretario

6.- Na papeleta de votación cada elector fará constar un máximo de **3 nome** dos/as candidatos/as presentados/as. O voto será directo, secreto e non delegable.

7.- Finalizada a votación, procederase ao escrutinio dos votos, que será público, e unha vez realizado, levantarase acta para o seu envío á Xunta Electoral do centro.

9.- A Xunta Electoral do centro resolverá as dúbidas e reclamacións que se poidan formular.

Chantada, a 25 de outubro de 2024

A Directora do centro

Presidenta da Xunta Electoral

Asdo: Ana Mª Jorge Diéguez.

